



BANDO DA ALCALDÍA DO CONCELLO

CARLOS LÓPEZ LÓPEZ, Alcalde-Presidente do Concello de A Fonsagrada, **FAGO SABER**:

Que en consideración á situación actual de contención reforzada contra a transmisión do “coronavirus” (COVID-19) considérase conveniente, con carácter exclusivamente preventivo, adoptar as medidas seguintes::

Pechar o acceso do público e suspender as actividades que se realizan nas dependencias municipais seguintes:

- Polideportivo;
- Biblioteca;
- Casa da Cultura;
- Oficina de turismo;
- Instituto vello;
- Parque da Alameda;
- Centro Cultural;
- A feira de mercado do sábado 21 de marzo;
- Campos de fútbol e demais instalacións deportivas;
- Quedan canceladas as rutas de sendeirismo previstas para as datas que se especifican máis adiante neste escrito.

Asemade, acórdase **suspender a eficacia das autorizacións de uso de locais e espazos municipais por** asociacións ou grupos locais para a celebración de actividades culturais, deportivas, recreativas, sociais, etc.

Conxuntamente coas medidas expostas, tamén dispónse a suspensión da eficacia das autorizacións outorgadas para a celebración de actos que supoñan a concentración de grupos numerosos de persoas, así como o outorgamento de novas autorizacións para as devanditas actividades.

CARLOS LOPEZ LOPEZ (1 para 1)
ALCALDE PRESIDENTE
Data de Sinatura: 13/03/2020
HASH: 8398b21199acc65b4ee1827dd7e9298c





O período no que se manterán vixentes estas medidas será o comprendido entre os **días 14 e 30 de marzo**, ambos inclusive, sen prexuízo de posibles prórrogas.

A maior abundamento, e en relación coa actividade administrativa e de atención ao público no Concello, **RESOLVO** adoptar as seguintes medidas preventivas

PRIMEIRA. Manterase aberto o servizo de atención ao público na Casa Consistorial unicamente para atender casos de extrema urxencia e imperiosa necesidade, pero en aras de evitar aglomeracións, rogase á cidadanía o previo contacto telemático co servizo de atención á cidadanía a través dos seguintes medios:

- Telefónico: 982 34 00 00
- Correo electrónico: concello@afonsagrada.org

Así mesmo, rógase á cidadanía que na medida do posible fagan uso do rexistro electrónico habilitado a través do seguinte enderezo web:

<https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/info.0>

SEGUNDA. Suspensión de todas as actividades e reunións dos órganos colexiados.

TERCEIRA. Os empregados públicos traballarán, preferentemente, mediante teletraballo ou a quendas, tendo preferencia para traballar desde a súa casa quen teña fillos pequenos e en idade escolar. Establécese flexibilidade de horario ata o 30 de marzo.

Por último, a través do presente, lémbrense aos veciños deste termo municipal as **medidas de protección básica** recomendadas pola OMS, a saber:

- Lavarse con frecuencia as mans.
- Cubrir boca e nariz co cóbado flexionado ou cun pano desechable ao toser ou esbirrar.
- Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.





- Manter distanciamento social con outras persoas, particularmente aquelas que tosan, esbirren e teñan febre, evitando na medida do posible a asistencia a lugares concorridos;
- Evitar na medida de posible, e salvo circunstancias imponderables as reunións multitudinarias.
- Solicitar atención médica en caso de febre, tose e dificultade para respirar, chamando preferente ao 900 400 116 ou ao 112

Dende o Concello de A Fonsagrada, informárase en todo momento sobre todo canto poida interesar aos veciños en relación co alcance das medidas adoptadas e as posibles modificacións destas.

Insístese en que todas estas medidas son de carácter preventivo e na importancia de **manter en todo momento a calma**, actuando coa mesura nas nosas rutinas e hábitos.

En *A Fonsagrada* na data indicada ao marxe

O Alcalde-Presidente,

Carlos López López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

